

CIRCULAR INFORMATIVA A TÓDOLOS RESPONSABLES DO ALUMNADO

PREGAMOS CONSERVEN ESTA CIRCULAR PARA POSTERIORES CONSULTAS

Con esta circular o Centro quere saudar a tódolos responsables do seu alumnado e ofrecerlles información que pode ser de interese para o presente curso escolar. Comezamos un novo curso aínda marcado pola pandemia da COVID 19, mais agardamos que sexa menos restrictivo que o anterior. Entre todos temos que conseguir que a Escola funcione como o que é, un Centro de formación para nenos e nenas onde non soamente teñen unha intervención directa os mestres, senón que vós, tamén tedes un papel importantísimo no funcionamento do Colexio, para que os vosos fillos e fillas vexan que imos todos na mesma dirección.

Este curso, volvemos ter o obxectivo de crear unha contorna escolar saudable e segura, para o cal establécense medidas preventivas tanto de carácter individual como colectivo para tentar que a actividade lectiva continúe a ser presencial.

Todo o persoal mailo alumnado deberá realizar **antes da chegada ao centro**, unha **auto enquisa diaria** para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS-COV-2 .

O uso da máscara por todo o alumnado, persoal e outras persoas que accedan ao centro educativo é a medida básica de protección individual e colectiva. Será obriga do alumnado levar cando menos unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario, como por exemplo no comedor.

Infórmase que o incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do protocolo, considerarase como conduta leve contraria á convivencia e así será tipificado nas NOFC da escola.

- **Que facer cando se detecte sintomatoloxía compatible con COVID-19 na casa?**
 - ✓ O alumnado **non** acudirá ao centro.
 - ✓ A súa familia contactará inmediatamente co centro de saúde de referencia do alumno e coa Dirección da escola, como coordinadores COVID, quen, ten a obriga de segredo profesional sobre os datos dos que teña coñecemento.
 - ✓ Farase caso das indicacións médicas e informarase novamente á Dirección da escola da evolución.
 - ✓ Tras a aparición dun caso confirmado da Covid 19 seguiranse as instrucións da Autoridade Sanitaria.



- **Que faremos se temos que estar en corentena?**
 - ✓ Programarase traballo diario na aula virtual.
 - ✓ Terase actividades interactivas.
 - ✓ Usarase do libro dixital e material complementario.
 - ✓ Proporanse vídeos relacionados coa materia.
 - ✓ Poderase comunicar coas familias e establecer relación co titor e resto do profesorado a través da mensaxería da aula virtual, dos ecorreos do profesorado e a través do Abalar móbil
- **Como será a volta ás aulas?**
 - ✓ Seguindo as indicacións da Consellería.
- **Ecorreos do profesorado:**

ANA	anapc@colexiorocio.com
ÁNGELA	angelanb@colexiorocio.com
BEGOÑA	begonhavg@colexiorocio.com
CARMEN	carmenam@colexiorocio.com
CHELO	chelopf@colexiorocio.com
EVA	evamr@colexiorocio.com
JUAN	juanlf@colexiorocio.com
MAR	mmarbr@colexiorocio.com
MARICRUZ	maricruzsb@colexiorocio.com
MARILUZ	mariluzps@colexiorocio.com
MERCEDES	mercedv@colexiorocio.com
MIGUEL	miguelgm@colexiorocio.com
MÓNICA	monicadp@colexiorocio.com
OLGA	olgaas@colexiorocio.com
ORIENTADORA MERCEDES	mercedesfm@colexiorocio.com
RAÚL	raulqg@colexiorocio.com
SARA	sararp@colexiorocio.com
SUSANA	susanamg@colexiorocio.com

**Este curso máis que nunca, un bo funcionamento
é responsabilidade de todos**

1.- Horario escolar

O horario do alumnado é :

ENTRADAS	SAÍDAS
4º EI: de 9,10 a 9,15h.	4º EI: sairá ás 13,50
5º EI: de 9,05 a 9,10h	5º EI: sairá ás 13,55
6º EI: de 9,00 a 9,05h	6º EI: sairá ás 14,00h.
1º EP: de 9,10 a 9,15h	1º EP, sairá ás 13,50 h.
2º EP: de 9,05 a 9,10h.	2º EP, sairá ás 13,55 h.
3º EP: de 9,00 a 9,05h	3º EP, sairá ás 14,00 h.
4º EP: de 9,10 a 9,15h	4º EP, sairá ás 13,50 h.
5º EP: de 9,05 a 9,10h	5º EP, sairá ás 13.55 h.
6º EP: de 9,00 a 9,05h.	6º EP, sairá ás 14,00 h.

2.-Horarios de oficina.

O equipo directivo atenderá diariamente de 9,15 h. a 9,45 h. e os martes de 16:00 h. a 16:45 h en período lectivo.

3.- Calendario escolar.

Períodos de vacacións ([Orde do 19 de maio de 2021, DOG do 4/06/21](#)).

1. Nadal: dende o día 22 de decembro de 2021 ata o día 7 de xaneiro de 2022, ámbolos dous inclusive.
2. Entroido: días 28 de candeas e 1 e 2 de marzo de 2022.
3. Semana Santa: dende o 11 ao 18 de abril de 2022, ámbolos dous inclusive.
 - ✓ O curso rematará o 22 de xuño de 2022.
 - ✓ Serán **non lectivos**, o luns, 11 de outono, Día do Ensino, o martes 12 de outono, Día do Pilar, o luns 1 de santos, Día de Todos os Santos, 6 de nadal, Día da Constitución Española, o mércores 8 de nadal, Día da Inmaculada, o luns 28 de marzo, Día da Reconquista, festivo local, o martes 17 de maio, Día das Letras Galegas, e mailo día solicitado de conveniencia pedagóxica dos centros da zona que serán probablemente o luns 16 de maio de 2022, (á espera da aprobación polo CE e posteriormente pola Xefatura Territorial).

4.- Avaliacións.

As familias recibirán, durante o presente curso, información sobre as cualificacións dos seus fillos e fillas a través do Abalar móbil nas seguintes datas:

- ✓ 1º Boletín informativo: 21 de nadal do 2021.
- ✓ 2º Boletín informativo: 29 de marzo do 2022.
- ✓ 3º Boletín informativo: 21 de xuño de 2022.

5.- Visitas e entrevistas.

Entrevistas individuais e titorías cos maestr@s.



As titorías levaranse a cabo con cita previa a través dos teléfonos da escola:

- **886120860 /886120862**
- A través da axenda escolar ou,
- Polo e-correo.

Preferentemente serán levadas a cabo por vía telefónica, existindo a posibilidade de facela por vídeo conferencia a través da plataforma CISCO WEBEX.

Naqueles casos nos que a vídeo conferencia non sexa posible, podería ser presencial, sempre a través de cita previa e garantindo a distancia social.

Cando nalgunha destas reunións sexa necesario a revisión dalgunha proba escrita, avisarase con anterioridade para poder facer copias da mesma e evitar a manipulación conxunta.

Reunións xerais de titoría .

Nestas reunións só se tratarán cuestións de interese xeral para o desenvolvemento dos distintos agrupamentos educativos, serán a través de vídeo conferencia ou de xeito presencial se a situación sanitaria o permite.

- Martes 14 de setembro, 5º e 6º curso de primaria.
- Martes 21 de setembro, 3º e 4º curso de primaria.
- Martes 28 de setembro, 1º e 2º curso de primaria.
- Martes 5 de outubro, 4º, 5º e 6º cursos de educación infantil.

6.- Faltas de asistencia e/ou puntualidade.

Cando por calquera motivo un alumno/a teña que faltar a clase, deberá comunicalo á titora e xustificalo mediante o modelo que se achegará na reunión inicial de titoría, que poderán enviar polo propio alumno/a.

7.- Seguridade dos/das escolares.

Os familiares e demais acompañantes do alumnado non poderán acceder ao recinto escolar agás na etapa de educación infantil na que un responsable do alumnado poderá acompañalo ata o soportal na zona habilitada para ás familias.

Os alumnos/as só poderán abandonar o Centro en horario escolar co permiso da directora ou titoras, e sempre que se fagan cargo deles os responsables ou a persoa debidamente autorizada, ademais deberán asinar o correspondente xustificante que se facilitará no momento.

Prégase a maior puntualidade nas entradas e saídas, tentando evitar as aglomeracións diante das portas.

8.- Comedor Escolar.

A xestión do comedor escolar correspóndelle, neste curso, a empresa **ALGASA**. A dirección do Centro continúa a ser a responsable deste servizo e, por iso, para calquera comunicación relativa a baixas, altas, dietas... dos comensais deberán dirixirse aos membros do Equipo Directivo, **enviando un whatsApp ao móbil da escola 658 715 569**. Estes avisos deben ser feitos antes das 9:30 do día correspondente.

Así mesmo lembrámoslles que a hora de recollida do alumnado de comedor será ás 15h, ás 15:30h ou á hora do seu remate ás 15:45 h, sempre indicándoo previamente e sen modificacións constantes.

As familias poderán poñerse en contacto cos responsables da empresa a través do teléfono **986461557**.

9.- Transporte escolar. O autobús sairá da escola ás 15:30h., podendo utilizar, o alumnado, unicamente o transporte correspondente ao seu domicilio.

10.- Marcado da roupa: Lembrámoslles que a roupa debe vir marcada co nome do neno ou nena, sobre todo o chándal do colexio e as pezas de abrigo.

11.- Avisos e circulares. **AbalarMóbil** é a plataforma utilizada. As familias descargarán a App gratuíta e recibirán no seu dispositivo móbil ou e-correo as circulares e avisos da escola.

12.- ANPA. Lémbrese a importancia de pertencer á ANPA. É moi importante que os pais se asocien e colaboren no quefacer diario da escola. A Anpa é a encargada da organización da **AULA MATINAL** cuxo horario é de 07:30 a 09:00. Para o uso da aula matinal coma a participación nas actividades hai que ser socio. A cota son 15 euros anuais por familia.

Coñece toda a información da Anpa a través do seu blogue:

<https://anpaosirmandinhos.blogspot.com/>

CONTA da ANPA: ES61 2080 5016 0330 4000 6416 ABANCA.

TELÉFONO DA ANPA: 604 026 358

É importante que toda a comunidade respecte estas normas, para a seguridade e o bo funcionamento da Escola.

Non vos esquezades de revisar toda a información da escola na nosa web <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxerocio/>



Un cordial saúdo.
A Dirección.

Vigo, 8 de setembro de 2021